

## **PREGOS TÉCNICOS PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE AUDITORÍA OU AUDITOR EXTERNO INSCRITO NO ROAC, PARA O GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE NO AMBITO DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE.**

### **1. ANTECEDENTES**

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) “Golfo Ártabro Norte”, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, segundo convenio subscrito o día 23 de febreiro de 2016, para a xestión do Programa FEMP 2014-2020 nos concellos de Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Paderne e Pontedeume.

Para poder garantir con total e absoluta transparencia e seguridade a adecuada utilización do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020 para os fins para o que foron outorgados ao GALP Golfo Ártabro Norte, así como o procedemento de revisión da conta xustificativa de cada unha das subvencións FEMP aprobadas neste Grupo, é necesario contratar anualmente os servizos profesionais de auditoría.

### **2. OBXECTO DO CONTRATO.**

En base ao anterior, o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte, solicita a súa mellor oferta técnica e económica para a prestación dos servizos de auditoría para realizar os seguintes traballos:

- Revisión e elaboración de informe de acordo coas bases reguladoras e resto de normativa aplicable, para os gastos de funcionamento e animación do GALP Golfo Ártabro Norte, do primeiro ao cuarto trimestre de 2020 (catro informes), onde deberá quedar reflectido a correcta xustificación destes gastos para a debida execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte, ao abeiro do Programa FEMP 2014-2020.
- Revisión e elaboración dun informe de acordo coas bases reguladoras e resto de normativa aplicable, por cada unha das contas xustificativas das subvencións a xustificar na anualidade 2020 ao GALP Golfo Ártabro Norte, co obxectivo principal de comprobar se as xustificacións están conformes á normativa que resulta de aplicación e moi especialmente sobre a elixibilidade dos gastos imputados ao programa ou subvención e sobre a correcta aplicación dos fondos públicos para ser enviado á Consellería do Mar xunto coa solicitude de pagamento de cada un dos beneficiarios.

Os traballos a realizar deberán estar conformes ao exposto na Estratexia Local Participativa do Golfo Ártabro Norte, e na Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019, así como con todo o marco normativo e regulador das actuacións dos auditores na xustificación de subvencións.

#### Detalle das tarefas a realizar:

- Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario pola normativa reguladora do Programa FEMP 2014-2020, así como na convocatoria e resolución de concesión e en canta documentación que estableza as obrigas impostas ao beneficiario da mesma.
- Revisión da memoria de actuación co obxectivo de verificar a existencia de concordancia entre a actividade realizada e os documentos que serven de base para a súa xustificación.
- Revisión da memoria económica a fin de revisar os gastos imputados, a existencia dos seus xustificantes e o seu pago, cumprimento das condicións impostas polas bases reguladoras, corrección e razoabilidade dos criterios de imputación de determinados gastos, existencia de diferentes ofertas de distintos provedores, comprobación de non vinculación provedores – beneficiario da axuda (artigo 27.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia); cumprimento dos criterios de subcontratación; existencia de coherencia entre os gastos imputados e a actividade obxecto da subvención; verificación de que as axudas concedidas non superan o custe da actividade; que a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foi realizada dentro do prazo establecido; comprobación de que os gastos están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados dentro do prazo de elixibilidade..., outros que considere o auditor oportunos.

Ademais, no proceso da revisión da documentación xustificativa que presenta o beneficiario de axuda no GALP Golfo Ártabro Norte, acompañando á solicitude de pagamento polos gastos e investimentos realizados dentro da subvención concedida, o servizo de auditoría tamén realizará:

- Comprobación do rexistro contable e dos pagamentos realizados; así como verificación dun sistema de contabilidade separado ou ben que utiliza un código contable axeitado e cantas comprobacións sexan necesarias en función dos investimentos ou gastos subvencionados.
- Inspección in situ, se procede, a efectos de comprobar a existencia real dos bens subvencionados, o seu axuste ao proxecto ou memoria valorada, a súa utilidade e funcionamento; a súa coincidencia coa xustificación documental e que o beneficiario da axuda cumpre coas normas de publicidade establecidas para o FEMP.
- Comprobación e verificación das condicións da subcontratación segundo o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009
- Verificación nas Bases de Datos correspondentes das axudas solicitadas, concedidas ou recibidas para o mesmo proxecto e a súa compatibilidade co Programa FEMP.

### 3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O prazo do contrato rematará coa data na que sexa entregado o último informe elaborado para os gastos de funcionamento e animación para o 4º Trimestre de 2020, así como o último realizado no proceso de revisión das contas xustificativas desta anualidade 2020, ao GALP Golfo Ártabro Norte (Convocatoria 2018, 2019 e 2020).

Este prazo quedaría aberto a que si fora o caso, algún dos informes elaborados durante esta anualidade, tivera que ser modificado a petición da Consellería do Mar en aspectos puntuais.

### 4. PREZO

O orzamento máximo de licitación será de 6.000 euros (IVE excluído), non aceptándose ningunha proposta por enriba deste importe.

### 5. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.

**A. Documentación.** Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación.

- Proposta segundo modelo do Anexo I e que comprende a oferta económica, para as accións indicadas no obxecto do contrato.
- Declaración responsable segundo modelo do Anexo III.
- Xustificante de inscrición no ROAC.
- Outra documentación que considere oportuna.

**B. Prazo:** 15 días hábiles dende a publicación desta oferta na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal/>). Debido ao estado de alarma amplíase o prazo ata o 20 de abril de 2020 (inclusive).

**C. Forma de presentación:** As propostas serán enviadas á sede do GALP Golfo Ártabro Norte (Rúa Curro, nº 33 15630 Miño – A Coruña / mail: [galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal](mailto:galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal)).

A documentación poderase presentar por correo electrónico, sempre que teñan sinatura dixital no enderezo electrónico arriba indicado, senón non serán admitidos.

### 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Adxudicarase á oferta máis vantaxosa economicamente, sempre que cumpra cos requisitos esixidos. (90%)

Valoraranse tamén as melloras realizadas a esta proposta, a concreción e calidade técnica da mesma, así como a experiencia demostrable en auditorías de traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público autonómico, estatal...(10%).

### 6. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGO

O adxudicatario emitirá unha factura, que será pagada antes do 31 de decembro de 2020.

En Miño, a 24 de marzo de 2020

Asdo.: José Manuel Fernández Lage  
Presidencia GALP Golfo Ártabro Norte

**PREGOS TÉCNICOS PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE AUDITORÍA OU AUDITOR EXTERNO INSCRITO NO ROAC, PARA O GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE NO AMBITO DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE.**

<b>ENTIDADE LICITADORA.</b>			
Razón Social:		CIF:	
Domicilio Social:			
<b>REPRESENTANTE</b>			
Nome e apelidos:		DNI:	
Relación coa entidade:			
<b>DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:</b>			
Correo electrónico:		Telf.	
Dirección postal:			

O abaixo asinante, en representación da entidade licitadora, **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

1. Que cumpre coas condicións establecidas no Texto Refundido la Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Sector Público.
2. Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á entidade licitadora.
3. Que conta coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

Así mesmo, presenta a seguinte **OFERTA ECONÓMICA** para a realización do contrato polo importe total e os importes parciais que se indican de seguido, todos eles expresados en Euros (€) e co IVE e calquera outro imposto ou taxa aplicable incluídos:

Actividade / Acción	Importe (€), IVE incluído

Asinado en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**Prioridade 4. O.T. 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP**

**Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%**

### ANEXO III :DECLARACIÓN RESPONSABLE do LICITADOR

**CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE**  
**OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZOS DE AUDITORIA DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS SUBVENCIÓNS A XUSTIFICAR NA ANUALIDADE 2020; ASÍ COMO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE**

D. /Dna....., actuando en nome propio, coa finalidade de facilitar unha contratación con fondos públicos transparente, baseada na libre competencia e a non discriminación,

#### DECLARA

- Que a actividade que desenvolve, se corresponde co obxecto da contratación.
  - Que non está en situación de prohibición para contratar de acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
  - Que ostento poderes suficientes para representar á entidade licitadora.
  - Que ME COMPROMETO a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: .....
  - Que esta entidade mercantil, (deberá consignarse a continuación o que proceda):  
(deberá consignarse a continuación o que proceda):
- Non está na situación descrita no artigo 42.1 do Código de Comercio, por **non pertencer a un grupo ou concerto de empresas** desde as que se poida exercer unha influencia significativa sobre a súa toma de decisións financeiras ou de explotación.

Si forma parte do grupo ou concerto de empresas denominado:  
.....

E integrado polas seguintes entidades mercantís: (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales conorra algún dos supostos alternativos regulados no artigo 42.1 do Código de Comercio respecto dalgún dos seus socios)

.....  
.....  
..... (continuar ao dorso se é preciso)

En , a  
(Lugar) (Data)  
(sinatura)

Asdo.